

Martes, 10 de decembro de 2019

Núm. 236

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MEAÑO

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN ORDENANZA FISCAL DA TAXA POLO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS URBANOS, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN E PUNTO LIMPO

ORDENANZA FISCAL DA TAXA POLO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN E PUNTO LIMPO

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 27 de setembro de 2019, a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa polo servizo de recollida de residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación e punto limpo e elevado a definitivo ao non presentarse reclamación contra o mesmo no período de exposición pública, dando cumprimento ó art. 17.4 do R.D.Lvo. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público o texto íntegro da devandita modificación:

“Modifica-lo anexo-tarifa da taxa POLO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN E PUNTO LIMPO, co establecemento de bonificacións ás tarifas vixentes, quedando como segue:

Primeiro.- Tarifa (Non varía)

Segundo.- Bonificación

Sobre as tarifas vixentes aplicaranse as seguintes bonificacións:

- **Ano 2020:** 15,4 % (que inclúe a bonificación adicional do 7,7 % do ano 2019 e do 7,7% do ano 2020)
- **Ano 2021:** e sucesivos (en tanto se manteña esta bonificación na contía do canon unitario de tratamento por tonelada): 7,7 %.

Terceiro: Data de aprobación

A presente modificación que afecta ao anexo da tarifa da Ordenanza Fiscal Reguladora desta taxa, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data 27 de setembro de 2019, entrará en vigor o día seguinte da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2020, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

Contra este acordo poderá interpoñerse Recurso Contencioso-administrativo a partir desta publicación no BOP na forma e prazos que establecen as normas reguladoras da devandita xurisdición.

En Meaño, documento asinado e datado dixitalmente ao marxe.

O alcalde

Carlos Vieitez Fernández

